

ADAPTACIÓN
DA
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DE
LINGUA GALEGA E LITERATURA

IES FIN DO CAMIÑO (FISTERRA)
CURSO 2019-2020

ÍNDICE

	PÁXS.
1.-Estándares de avaliación e competencias imprescindibles.....	3-11
1.1.-1º ESO.....	3-5
1.2.-2º ESO.....	5-7
1.3.-3º ESO.....	7-9
1.4.-4º ESO.....	9-11
2.-Avaliación e cualificación.....	11-13
2.1.-Instrumentos e procedementos.....	11
2.2.-Cualificación final de xuño.....	12
2.3.-Proba extraordinaria de setembro.....	12
2.4.-Alumnado con materia pendente.....	13
3.-Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre.....	13-14
4.-Información e publicidade	14
4.1.-Información ao alumnado e ás familias.....	14
4.2.-Publicación.....	14

Faise esta modificación da programación didáctica do Departamento de Lingua Galega e Literatura tendo en conta as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

1.1.-1º ESO:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC
1.-Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	1.1.-Utiliza técnicas de análise e síntese do contido (subliñados, resumos...), reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.	CCL CAA
2.-Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá, dos medios de comunicación ou do ámbito educativo, especialmente textos descritivos, narrativos e expositivos.	2.1.-Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá, dos medios de comunicación ou do contexto educativo, especialmente textos descritivos, narrativos e expositivos.	CCL CSC CAA
3.-Producir textos (descritivos, narrativos, expositivos...) adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	3.1.-Produce, en formato papel ou dixital, textos de distinto tipo: descritivos, narrativos ... 3.2.-Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos e concordancias. 3.3.-Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas). 3.4.-Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	CCL CD
4.-Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula de distintos ámbitos: instituto, fauna, oficios, corpo humano, vestimenta...	4.1.-Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación. 4.1.-Identifica as características dun campo semántico.	CCL CSC CCEC
5.-Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	5.1-Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL
6.-Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	6.1.-Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	CCL

7.-Coñecer o alfabeto galego.	7.1.-Coñece o alfabeto galego e identifica os dígrafos.	CCL
8.-Coñecer e aplicar as regras xerais de acentuación.	8.1.- Aplica correctamente na práctica as regras xerais de acentuación. 8.2.-Coñece os casos de acento diacrítico.	CCL
9.-Clasificar palabras polo número de sílabas e pola posición da sílaba tónica, e diferenciar entre ditongos, tritongos e hiatos.	9.1.-Clasifica as palabras polo número de sílabas. 9.2.-Distingue sílabas tónicas e átonas. 9.3.-Identifica e analiza ditongos, tritongos e hiatos.	CCL
10.-Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais básicas (substantivos, adxectivos, artigos, demostrativos, posesivos, numerais, pronomes persoais...); utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.	10.1-Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais; utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.	CCL CAA
11.-Identificar os elementos que interveñen no acto comunicativo.	11.1.-Identifica os elementos do acto comunicativo (emisor, receptor, mensaxe, código e canle).	CCL
12.1.-Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	12.1.-Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	CCL CAA
13.-Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais	13.1.-Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes. 13.2.-Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	CCL
14.-Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos (narrador, personaxes, espazo...).	14.1.-Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.	CCL
15.-Describir e caracterizar os trazos definatorios básicos da	15.1.-Describe e caracteriza os trazos definatorios básicos	CCEC

banda deseñada.	da banda deseñada.	CCL
16.-Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos.	16.1.-Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos.	CCL CCEC

1.2.-2º ESO:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC
1.-Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.	1.1.-Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. 1.2.-Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.	CCL CAA
2.-Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais (diarios, cartas persoais, solicitudes...), dos medios de comunicación ou da vida educativa.	2.1.-Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais (diarios, cartas persoais, solicitudes...), dos medios de comunicación ou da vida educativa.	CCL CSC
3.-Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.	3.1.-Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. 3.2.-Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo, e utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores). 3.3.-Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.	CCL
4.- Producir, en formato papel ou dixital, textos de distintas tipoloxías (narracións, descricións...), propios da vida cotiá e das relacións sociais (diarios, cartas persoais, solicitudes...) ou textos de carácter educativo (resumos, explicacións...).	4.1.-Produce textos de distinta tipoloxía (narracións, descricións...), propios da vida cotiá e das relacións persoais (diarios, cartas persoais, solicitudes...) ou textos de carácter educativo (resumos, descricións, explicacións...).	CCL CD CSC
5.-Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula: a alimentación, a diversidade social e cultural, o contorno	5.1.-Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.	CCL CAA

urbano...		
6.-Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	6.1.-Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega, especialmente as vogais medias.	CCL CAA
7.-Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	7.1.-Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL CAA
8.-Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	8.1.-Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.	CCL
9.- Posuír un coñecemento e dominio gramatical das distintas clases de palabras (substantivo, adxectivo...) e do seu uso.	9.1.-Recoñece as distintas clases de palabras e posúe un coñecemento gramatical acorde ao seu desenvolvemento e nivel.	CCL
10.-Identificar os procesos de formación de palabras e recoñecer a estrutura de substantivos, adxectivos e verbos.	10.1.-Descompón palabras nos seus constituíntes e identifica cada parte (lexema, morfemas flexivos e derivativos). 10.2.- Recoñece palabras formadas por prefixación e sufixación e explica o significado dalgúns sufixos derivativos e alterativos.	CCL CAA
11.-Recoñecer e usar os conectores textuais, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	11.1.-Identifica e usa distintos tipos de conectores, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.	CCL
12.- Adquirir coñecementos mínimos de sociolingüística (linguas minoritarias, normalización lingüística, prexuízos lingüísticos, lusofonía...).	12.1.-Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego. 12.2.-Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno, desbota prexuízos lingüísticos e coñece as principais iniciativas normalizadoras. 12.3.-Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.	CCL CSC CCEC
13.- Ler expresiva e comprensivamente poemas, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.	13.1.-Le expresiva e comprensivamente poemas, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.	CCL
14.-Ler expresiva e	14.1.-Le expresiva e comprensivamente textos narrativos	CCL

comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: narrador, punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: narrador, punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	
15.-Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	15.1.-Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	CCL CCEC

1.3.- 3º ESO:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC
1.-Usar técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	1.1.-Usa técnicas de síntese do contido (subliñados, esquemas e resumos) e aplica estratexias que facilitan a comprensión e crítica dos textos.	CCL CAA
2.-Planificar, producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	2.1.-Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados, e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	CCL CAA CD
3.-Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión	3.1.-Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.	CCL
4.-Ler con fluidez e comprensión un texto narrativo e comentalo tendo en conta os elementos que o caracterizan.	4.1.-Le con fluidez e atención un texto narrativo e analiza os elementos que lle son propios: narrador, personaxes, espazo, tempo e argumento.	CCL CAA
5.-Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación (reportaxes, noticias...).	5.1.-Comprende e interpreta textos xornalísticos (noticias, reportaxes...).	CCL CSC
6.-Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da	6.1.-Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da	CCL

fraseoloxía, e identificar as relacións semánticas entre as palabras.	lingua. 6.2.-Coñece e aplica léxico de distintos ámbitos: saúde e sanidade, tempo meteorolóxico, árbores, froitas... 6.3.-Identifica as relacións semánticas entre as palabras: sinonimia, antonimia, homonimia...	CAA
7.- Posuír un coñecemento e dominio gramatical das distintas clases de palabras (substantivo, adxectivo, pronome persoal, artigo, demostrativo, posesivo, numerais...) e do seu uso.	7.1.-Recoñece as distintas clases de palabras (substantivo, adxectivo, pronome persoal, artigo, demostrativo, posesivo, numerais...) e posúe un coñecemento gramatical (valores, usos...) acorde ao seu desenvolvemento e nivel. 7.2.-Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.	CCL CAA
8.1.-Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novos termos.	8.1.-Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. 8.2.-Descompón palabras nos seus constituíntes e clasificaas segundo a súa estrutura. 8.3.-Forma familias léxicas regulares e irregulares.	CCL CAA
9.-Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega.	9.1.-Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación e ás vogais de grao medio.	CCL CAA
10.-Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	10.1.-Emprega e respecta as normas ortográficas e gramaticais da lingua galega.	CCL CAA
11.-Analizar e usar correctamente a puntuación.	11.1.-Revisa os textos para puntuar correctamente.	CCL
12.-Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia.	12.1.-Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia. 12.2.-Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega.	CCL CAA CSC
13.-Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata o Rexurdimento.	13.1.-Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega. 13.2.-Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega, así como as súas causas e consecuencias: inicios, esplendor na Idade Media, decadencia nos Séculos Escuros...	CCL CSC
14.-Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da	14.1.-Identifica, comprende e explica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as	CCL CAA

literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.	súas orixes na Idade Media: lírica medieval, Séculos Escuros, Precusores do Rexurdimento...	
15.-Ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	15.1.-Le autonomamente textos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	CCL CCEC CAA
16.-Crear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	16.1.-Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	CCL CCEC

1.4.- 4º ESO:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COM.
1.-Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos de distinto tipo (xornalísticos de opinión, laborais, literarios...).	1.1.- Le con fluidez e atención un texto e coméntao con axuda de resumos, esquemas... 1.2.-Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto. 1.3.-Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	CCL CAA
2.-Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial, textos argumentativos ou textos xornalísticos de opinión.	2.1.-Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial (cartas formais, instancias...). 2.2.-Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos. 2.3.-Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión (carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión).	CCL CSC
3.-Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo	3.1.-Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. 3.2.-Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.	CCL CD

(planificación, organización, redacción e revisión).	3.3.-Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente. 3.4.-Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	
4.-Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, administrativos e comerciais.	4.1.-Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (carta de presentación), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación...).	CCL CD CSC
5.-Diferenciar textos denotativos e connotativos.	5.1.-Distingue textos denotativos e connotativos.	CCL
6.-Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.	6.1.-Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes ámbitos (viaxes, urbanismo, administración pública, utensilios de cociña e electrodomésticos...), así como a fraseoloxía.	CCL CAA
7.-Coñecer e usar correctamente abreviaturas, siglas, acrónimos e símbolos.	7.1.-Coñece e emprega correctamente abreviaturas, siglas, acrónimos e símbolos.	CCL
8.- Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	8.1.-Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.	CCL CAA
9.-Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	9.1.-Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	CCL
10.-Recoñecer e usar frases e cláusulas, identificando os constituíntes e as principais regras de combinación impostas polos verbos.	10.1.-Identifica os distintos tipos de frases e os seus constituíntes. 10.2.-Recoñece o suxeito e o predicado, e clasifica as cláusulas segundo a natureza do predicado. 10.3.-Identifica os complementos do verbo (CD, CI...). 10.4.-Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega.	CCL
11.-Coñecer e describir os acontecementos máis relevantes da historia social	11.1.-Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade e	CCL CSC

da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	identifica as súas causas e consecuencias. 11.2.-Elabora textos expositivos sobre as distintas etapas.	CCEC
12.-Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia.	12.1.-Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual. 12.2.-Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.	CCL CSC
13.-Identificar, comprender e explicar os distintos períodos, xeracións e escritores da literatura galega do século XX.	13.1-Identifica e explica os distintos períodos e xeracións da literatura galega do século XX: Grupo Nós, Xeración das Vanguardas, literatura do exilio, narrativa de posguerra... 13.2.-Coñece os autores máis representativos da literatura do XX, as características da súa escrita e algunhas das súas obras: Cabanillas, Castelao, Otero Pedrayo, Manuel Antonio, Luís Seoane, Blanco Amor, Cunqueiro...	CCL CCEC
14.-Ler autonomamente e comentar textos das obras representativas da literatura galega desde 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico deste período.	14.1.-Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega desde 1916, resume o seu contido, sinala e comenta os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	CCL CCEC CAA
15.-Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	15.1.-Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	CCL CCEC

2.-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:

A avaliación e cualificación adaptarase tendo en consideración que se fará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as probas e as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020.

Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo, formativo e integrador, a partir das avaliacións anteriores e das actividades e probas desenvolvidas durante o terceiro trimestre.

2.1.-Instrumentos e procedementos:

Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020.

Para a avaliación do alumnado dos diferentes cursos da ESO teranse en conta os seguintes procedementos e instrumentos:

► Control do traballo realizado polo alumnado e observación da súa actitude ao longo destes meses. Así, rexistraranse nas fichas dos alumnos/as datos procedentes de:

- Revisión e corrección individual das tarefas feitas por cada alumno/a. Valorarase positivamente a autonomía do alumno/a á hora de realizar os exercicios, e a calidade e a orixinalidade das súas tarefas. Cualificaranse de xeito negativo tarefas fraudulentas, copiadas doutros/as compañeiros/as ou de Internet, e exercicios feitos moi por encima da capacidade e nivel do estudante. As actividades non poderán ser entregadas fóra dos prazos indicados sen unha xustificación.

- Actitude: esforzo por mellorar e aprender, a constancia no traballo, o interese pola materia e o respecto nas interaccións a través do correo ou de Classroom coa profesora.

► Probas escritas presenciais, se a situación sanitaria o permite, ou telemáticas orais, se é posible, da materia suspensa na 1ª e 2ª avaliacións.

2.2.-Cualificación final de xuño:

A cualificación final da convocatoria ordinaria de xuño obterase da nota media das dúas primeiras avaliacións, que poderá incrementarse con ata un punto en función do traballo e esforzo realizado polo alumnado ao longo do terceiro trimestre. Aprobarase cunha cualificación mínima de 5 puntos.

O incremento dese punto na media das dúas primeiras avaliacións dependerá de:

- Tarefas presentadas en Classroom, cuxa cualificación positiva estará condicionada pola súa calidade e orixinalidade. Valorarase negativamente as actividades fraudulentas, copiadas doutros compañeiros/as ou de Internet, e exercicios feitos moi por encima da capacidade e nivel do alumno/a. Os traballos non poderán ser entregadas fóra dos prazos indicados sen unha xustificación.

- Actitude: esforzo e constancia na realización das tarefas, interese pola materia e por mellorar os coñecementos, ou o respecto pola profesora nas interaccións a través de Classroom ou o correo electrónico.

O alumnado que non chegue ao cinco, para recuperar, deberá facer un exame final da materia suspensa nas dúas primeiras avaliacións. Tamén se lle terá en conta o traballo de recuperación feito estes meses. Puntuarase sobre 10 e a súa distribución é a que segue:

-75 %: exame escrito presencial, se o permite a situación sanitaria, ou oral telemático, se é posible.

No caso de probas escritas descontarase por erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos:

- En 1º ESO e 2º ESO restarase ata un punto.

- En 3º ESO e 4º ESO restarase ata 1,5 puntos.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización dos exames implicará a obtención automática dun cero como cualificación na avaliación, sexa esta ordinaria ou extraordinaria.

-25 %: o traballo de recuperación realizado ao longo do terceiro trimestre e a actitude (esforzo, constancia...). A cualificación positiva das tarefas dependerá dos condicionantes antes citados para o resto de alumnado.

2.3.-Proba extraordinaria de setembro:

No caso hipotético de quedar algún alumno/a para a avaliación extraordinaria de setembro, poderáselle pedir a entrega de actividades de reforzo, así como a realización do preceptivo exame, similar aos desenvolvidos ao longo do curso. Avaliaranse os contidos explicados nas dúas primeiras avaliacións.

2.4.-Alumnado con materia pendente:

2.4.1.-Procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación.

Os estándares de avaliación e os criterios de avaliación para a recuperación da materia pendente son os que se sinalan para cada nivel na programación didáctica do departamento.

O alumnado deberá presentar o segundo traballo de recuperación que se lle entregou en xaneiro ou, se non o fixo, as actividades que se subiron a Classroom en abril e maio. A cualificación deste traballo fará media coa primeira parte da materia que xa foi avaliada en xaneiro. Aqueles que non acaden o aprobado terán dereito a un exame final da materia pendente. Esta proba, oral ou escrita, será telemática e está fixada para o 18 de maio.

Por último, o alumnado que non poida aprobar en maio terá a posibilidade de presentarse a unha proba extraordinaria de recuperación en setembro.

3.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

A metodoloxía utilizada é tamén adaptada á situación extraordinaria que se está a vivir, tanto por parte dos docentes como do alumnado, co que o contacto será por vía telemática.

Este departamento traballará nos catro cursos da ESO con Classroom. A través deste medio explicaráselle ao alumnado contidos que necesiten ser reforzados. Subiranse ao taboleiro de traballo da clase virtual actividades de reforzo e recuperación e, nalgúns casos, de ampliación, que o alumnado deberá presentar feitas non prazos establecidos. A docente corruxirá individualmente as tarefas e devolveráselle aos alumnos/as con comentarios e explicacións sobre o que fixeron mal. Os alumnos/as poderán preguntar dúbidas, solicitar explicacións... sempre e cando o necesiten. Tamén se poderá usar o correo do centro electrónico para contactar coa profesora.

Os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles que deberá desenvolver o alumnado en función da súa etapa e curso serán a referencia para o deseño de actividades de recuperación, reforzo e ampliación que se traballen no terceiro trimestre de modo non presencial. Reforzaranse as aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres, fomentando rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.

Para os/as alumnos/as que non adquirisen as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporáselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia.

A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.

Intentarase non sobrecargar o alumnado con traballo excesivo.

Canto aos materiais subministrados ao alumnado, na súa maior parte serán fichas, elaboradas pola profesora, de afianzamento do desenvolvido ao longo do curso para a mellora –e recuperación- das habilidades básicas: comprensión lectora, expresión escrita...

Tamén se usará o libro de texto *Lingua e Literatura* de Xerais de cada curso e os apuntamentos de clase das dúas primeiras avaliacións.

Outros recursos:

-Cadernos de ortografía e morfoloxía de Anaya.

-Cadernos de ortografía e léxico de Rodeira.

-Cadernos de ortografía de Xerais.

-Materiais de webs como <https://www.ogalego.eu/>, <https://galiciaencantada.com/>, <https://portaldaspalabras.gal/>...

-Dicionarios dixitais como o da RAG ou DIGALEGO...

-Vídeos de You Tube con explicacións de contido da materia, algúns de programas da TVG como Ben Falado! ou Dígocho eu.

4.-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

4.1.-Información ao alumnado e ás súas familias:

A docente proporcionará información ao alumnado e ás súas familias por diferentes medios: correo electrónico, páxina web do centro, Abalar móbil ou Classroom, segundo sexa o caso.

Tamén facilitará información sobre o alumnado á Xefatura de Estudos, a Orientación e aos titores/as dos distintos grupos para trasladar ás familias.

4.2.-Publicidade:

Esta modificación da programación publicarase na páxina web do centro.

Fisterra, 12 de maio de 2020.